

funcións. Este informe será preceptivo sobre as actuacións que se vaian desenvolver en execución das funcións segunda, terceira, cuarta e sétima recollidas no punto terceiro.1 da disposición adicional undécima da citada lei.»

10. Modifícase o número 2 do artigo 33, que queda redactado da seguinte forma:

«2. As sesións dos consellos consultivos estarán presididas polo presidente da Comisión Nacional de Enerxía ou, na súa ausencia, polo vicepresidente.

Actuará como secretario do Consello Consultivo o secretario do Consello de Administración da Comisión Nacional de Enerxía.

Para a celebración das sesións dos consellos consultivos será necesaria a concorrencia da metade dos seus membros.»

11. Modifícase o número 2 do artigo 36, que queda redactado da seguinte forma:

«2. As comisións permanentes serán presididas polo presidente da Comisión Nacional de Enerxía ou, na súa ausencia, polo vicepresidente, e actuará como secretario o secretario do Consello de Administración da Comisión Nacional de Enerxía.»

12. Modifícanse as alíneas e) e g) do número 1 do artigo 40, que quedan redactados da seguinte forma:

«e) Nove membros en representación das compañías do sector de hidrocarburos.»

«g) Catro representantes dos consumidores e usuarios.»

13. Modifícase o número 4 do artigo 40, que queda redactado da seguinte forma:

«Os nove membros representantes das compañías do sector de hidrocarburos distribúense de forma que corresponde un representante a cada unha das seguintes actividades ou suxeitos: operadores por xunto de produtos petrolíferos, distribuidores polo miúdo e titulares de instalacións de venda ó público de produtos petrolíferos, transportistas de gas, distribuidores de gas, comercializadores de gas, exploración e produción de hidrocarburos, refinación, almacenamento e loxística de hidrocarburos líquidos, operadores de gases licuados do petróleo.»

Disposición adicional primeira. *Determinación da contía que deberán aboar á Comisión Nacional de Enerxía os operadores por xunto de produtos petrolíferos.*

O ministro de Economía, mediante orde, co acordo previo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, fixará anualmente, con efectos do 1 de xaneiro, a contía que deberán aboar os operadores por xunto de produtos petrolíferos a que fai referencia o número 5 do artigo 43 do Real decreto 1339/1999, do 31 de xullo, obxecto da presente modificación.

Disposición adicional segunda. *Modificación das referencias a órganos do Ministerio de Industria e Enerxía e de Economía e Facenda.*

1. As referencias ó Ministerio de Industria e Enerxía contidas no Real decreto 1339/1999, do 31 de xullo, deberán entenderse efectuadas ó Ministerio de Economía.

Así mesmo, as referencias ó ministro de Industria e Enerxía deberán entenderse efectuadas ó ministro de Economía.

2. As referencias ó Ministerio de Economía e Facenda realizadas nos artigos 2.3, 44 e disposición adicional cuarta do Real decreto 1399/1999, do 31 de xullo, entenderanse efectuadas ó Ministerio de Facenda.

3. As referencias ó secretario de Estado de Industria e Enerxía efectuadas no artigo 20.2 do Real decreto 1399/1999, do 31 de xullo, entenderanse feitas ó secretario de Estado de Economía, da Enerxía e da Pequena e Mediana Empresa.

4. As referencias ó director xeral de Enerxía contidas no Real decreto 1399/1999, do 31 de xullo, entenderanse feitas ó director xeral de Política Enerxética e Minas.

Disposición transitoria única. *Ingresos da Comisión Nacional de Enerxía.*

Prorrógase a vixencia da disposición transitoria sexta do Real decreto 1339/1999, do 31 de xullo, ata o 31 de decembro do ano 2000, polo que durante o exercicio correspondente ó ano 2000 será de aplicación ós operadores por xunto de produtos petrolíferos a contía fixada no número 5 do artigo 43 do Real decreto 1339/1999, do 31 de xullo.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogados o número 3 do artigo 25 e o primeiro parágrafo da disposición adicional primeira do Real decreto 1339/1999, do 31 de xullo.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de decembro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro da Presidencia,
MARIANO RAJOY BREY

(Este real decreto inclúese tendo en conta a corrección de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 29, do 2 de febreiro de 2001.)

943 *REAL DECRETO 7/2001, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento sobre a responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor. («BOE» 12, do 13-1-2001.)*

A disposición adicional oitava da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, modificou a anterior Lei de uso e circulación de vehículos de motor, texto refundido aprobado polo Decreto 632/1968, do 21 de marzo, pasando a denominarse Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor. Esta modificación supuxo un substancial cambio na regulación da normativa do seguro de subscripción obrigatoria de automóviles e a súa adaptación á Directiva 90/232/CEE, do Consello, do 14 de maio, relativa á aproximación das lexislacións dos estados membros sobre o seguro de responsabilidade civil derivada da circulación de vehículos automóviles, que amplía o sistema obrigatorio de aseguramento.

Da nova regulación destaca a aprobación dun sistema para a valoración dos danos e perdas causados ás persoas en accidentes de circulación, que se aplicará á valoración de tódolos danos ocasionados ás persoas en accidentes de circulación.

A habilitación regulamentaria ó Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias aparece recoñecida na disposición derradeira da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, introducida pola disposición derradeira terceira da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias. E en virtude da habilitación referida, dítase este novo regulamento, que vén substituí-lo Real decreto 2641/1986, do 30 de decembro, polo que se aprobou o Regulamento do seguro de responsabilidade civil derivada do uso e circulación de vehículos de motor, de subscripción obrigatoria.

Por outra banda, o artigo 2.2 da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, segundo redacción dada pola disposición adicional oitava da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, incorporou o mandato do artigo 5 da mencionada Directiva 90/232/CEE. O citado artigo da lei reserva ó desenvolvemento regulamentario o establecemento dos requisitos, forma e periodicidade en que as aseguradoras deberán remiti-la correspondente información que lles permita ás persoas implicadas nun accidente de circulación, indagar, coa maior brevidade posible, as circunstancias relativas ó contrato de seguro e á entidade aseguradora.

Non obstante, e coa finalidade de que as persoas implicadas nun accidente de circulación puidesen coñecer-la entidade aseguradora, a disposición transitoria décimo terceira da Lei 30/1995, estableceu a obriga, para as entidades aseguradoras, de levaren un rexistro no que constasen, alomenos, as circunstancias relativas á matrícula do vehículo, número da póliza e período de vixencia desta. Tamén impuxo para as ditas entidades aseguradoras a obriga de lle subministraren ó Ministerio de Economía e Facenda (hoxe Ministerio de Economía) información relativa ós vehículos asegurados por elas, mediante a remisión ó Consorcio de Compensación de Seguros da dita información. Esta obriga regulouse por resolución do 8 de marzo de 1996, da Dirección Xeral de Seguros, sobre subministración de información polas entidades aseguradoras dos vehículos asegurados. Non obstante, dando cumprimento ó artigo 2.2 xa citado, mediante este regulamento régúlase a citada obriga.

Igualmente, este real decreto incorpora, con carácter definitivo, a obriga recollida no artigo 1 da Directiva 84/5/CEE, do Consello, do 30 de decembro de 1983, relativa á aproximación das lexislacións dos estados membros sobre o seguro de responsabilidade civil que resulta da circulación de vehículos automóbiles, que xa foi incorporada ó dereito español pola disposición adicional sétima do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, disposición que se derroga no presente real decreto.

Por outra banda, incorpóranse neste regulamento novas consideracións que a experiencia aconsellou introducir, e clarifícase e precísase o contido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor.

Ás necesidades referidas vén atende-lo presente real decreto, que ten por finalidade aproba-lo Regulamento sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor.

Con relación á estrutura do regulamento, diferéncianse tres títulos; o primeiro deles, referido á respon-

sabilidade civil; o segundo, no que se desenvolve o seguro de subscripción obrigatoria de responsabilidade civil naqueles aspectos necesarios; e o terceiro, referente ó Consorcio de Compensación de Seguros; de tal xeito que o coñecemento da normativa reguladora da responsabilidade civil derivada da circulación de vehículos de motor require da compresión conxunta da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor e deste regulamento.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía, do ministro de Xustiza e do ministro do Interior, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 12 de xaneiro de 2001,

DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor.*

Apróbase o Regulamento sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, o texto do cal se insire a continuación.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido no regulamento que se aproba por este real decreto e, en particular, as seguintes:

a) Real decreto 2641/1986, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do seguro de responsabilidade civil derivada do uso e circulación de vehículos de motor, de subscripción obrigatoria.

b) Orde do 23 de abril de 1987, relativa ó modelo que se utilizará para proba-la existencia do seguro de responsabilidade civil derivada do uso e circulación de vehículos de motor, de subscripción obrigatoria.

c) Orde do 10 de xullo de 1990 pola que se fixa o prazo de entrada en vigor da responsabilidade do Consorcio de Compensación de Seguros en danos materiais derivados do seguro obrigatorio de responsabilidade civil de automóbiles.

d) Orde do 18 de marzo de 1993 pola que se concretan os órganos competentes para sanciona-las infraccións á lexislación do seguro obrigatorio de responsabilidade civil para circular con vehículos de motor.

e) Resolución do 8 de marzo de 1996, da Dirección Xeral de Seguros, sobre subministración de información polas entidades aseguradoras dos vehículos asegurados, excepto os anexos I e II que se declaran expresamente vixentes mentres non se publique a resolución da Dirección Xeral de Seguros á que fan referencia os artigos 23 e seguintes do regulamento que se aproba.

f) Disposición adicional sétima do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor ó mes de súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo o artigo 3.3, que terá vixencia desde o 1 de xaneiro de 2001.

Dado en Madrid o 12 de xaneiro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro da Presidencia,
MARIANO RAJOY BREY

Regulamento sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor

TÍTULO I

Da responsabilidade civil

CAPÍTULO I

Da responsabilidade civil e do seu aseguramento

Artigo 1. *Seguro de responsabilidade civil na circulación de vehículos de motor.*

1. Todo propietario de vehículo de motor que teña o seu estacionamento habitual en España, sen prexuízo do disposto no número 2 do artigo 16, está obrigado a subscribir e manter en vigor un contrato de seguro, por cada vehículo do que sexa titular, mediante o que a entidade aseguradora cubra, nos ámbitos e cos límites fixados neste regulamento para o aseguramento de subscrición obrigatoria, a responsabilidade civil prevista no artigo 1 da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, na súa redacción modificada pola disposición adicional oitava da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.

2. Ademais do previsto no punto anterior, a póliza en que se formalice o contrato de seguro de responsabilidade civil de subscrición obrigatoria contratada entre o tomador e a entidade aseguradora poderá incluír outras coberturas que libremente se pacten entre as partes, así como amplia-lo ámbito e os límites de cobertura, rexéndose en ámbolos dous casos polo establecido na Lei de contrato de seguro.

3. O propietario non conductor dun vehículo asegurado responderá dos danos ás persoas e nos bens ocasionados polo conductor cando este vinculado con este por algunha das relacións que regulan os artigos 1903 do Código civil e 120.5 do Código penal. Esta responsabilidade cesará cando o mencionado propietario probe que empregou toda a dilixencia dun bo pai de familia para previ-lo dano.

O propietario non conductor dun vehículo sen o seguro de subscrición obrigatoria responderá civilmente co conductor del dos danos ás persoas e nos bens ocasionados por este, salvo que probe que o vehículo lle fose subtraído.

Artigo 2. *Vehículos de motor.*

1. Teñen a consideración de vehículos de motor, para os efectos da responsabilidade civil derivada da circulación de vehículos de motor e da obriga de estaren asegurados, todo vehículo, especial ou non, idóneo para circular pola superficie terrestre e impulsado por motor, incluídos os ciclomotores, así como os remolques e semirremolques, estean ou non enganchados, con exclusión dos ferrocarrís, tranvías e outros que circulen por vías de seu.

2. Non se encontrarán incluídos no ámbito material do presente regulamento os vehículos de motor eléctricos que por concepción, destino ou finalidade teñan a consideración de xoguetes, nos termos definidos e cos requisitos establecidos no artigo 1.1 do Real decreto 880/1990, do 29 de xuño, sobre normas de seguridade dos xoguetes, e normativa concordante e de desenvolvemento.

Tampouco se encontrarán incluídas no ámbito material do presente regulamento as cadeiras de rodas.

3. Para os efectos deste regulamento, aplicaranse os conceptos recollidos no anexo do Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, na súa redacción dada polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de vehículos.

Artigo 3. *Feitos da circulación.*

1. Para os efectos da responsabilidade civil derivada da circulación de vehículos de motor e do seguro de subscrición obrigatoria regulado neste regulamento, enténdense por feitos da circulación os derivados do risco creado pola conducción dos vehículos de motor a que se refire o artigo anterior, tanto por garaxes e aparcamentos, como por vías ou terreos públicos e privados aptos para a circulación, tanto urbanos como interurbanos, así como por vías ou terreos que sen ter tal aptitude sexan de uso común.

2. Non se entenderán feitos da circulación os derivados da celebración de probas deportivas con vehículos de motor en circuitos especialmente destinados para o efecto ou habilitados para as ditas probas, sen prexuízo da obriga de subscrición do seguro especial previsto no punto 2 do artigo 16.

Tampouco se considerarán feitos da circulación os derivados da realización de tarefas industriais ou agrícolas por vehículos de motor especialmente destinados para iso, sen prexuízo da aplicación do punto 1 en caso de circulación polas vías ou terreos mencionados no dito punto.

3. Tampouco terá a consideración de feito da circulación a utilización dun vehículo de motor como instrumento da comisión de delitos dolosos contra as persoas e os bens. En todo caso, será feito da circulación a utilización dun vehículo de motor en calquera das formas descritas no Código penal como conducta constitutiva de delito contra a seguridade do tráfico, incluído o suposto previsto no artigo 383 do dito Código penal.

CAPÍTULO II

Da cuantificación das indemnizacións

Artigo 4. *Cuantificación das indemnizacións.*

1. As indemnizacións por tódolos danos e perdas causados ás persoas calcularanse cos criterios e límites que establece o anexo da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor. Se a contía así fixada resultase superior ó importe máximo da cobertura do aseguramento de subscrición obrigatoria, satisfarase, con cargo ó citado seguro de subscrición obrigatoria, o dito importe máximo, quedando o resto ata o montante total da indemnización a cargo do seguro voluntario ou do responsable do sinistro, segundo proceda.

2. As pensións provisionais a que se refire o parágrafo terceiro do artigo 6 da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, calcularanse de conformidade cos límites establecidos no anexo da citada lei.

3. Tanto nos casos de danos ás persoas coma nos bens, se concorresen a negligencia do conductor e a do prexudicado, procederase á equitativa moderación da responsabilidade e ó repartimento na contía da indemnización, atendida a entidade respectiva das culpas concorrentes.

CAPÍTULO III

Da mora do aseguradorArtigo 5. *Consignación xudicial.*

A consignación a que se refire a disposición adicional da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, poderase levar a cabo polos medios recoñecidos na Lei de axuízamento civil.

Artigo 6. *Contía da consignación.*

A contía consignada será igual, cando menos, ó importe das indemnizacións determinadas conforme o anexo da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, e, se é o caso, segundo o disposto no punto 2 da súa disposición adicional.

TÍTULO II

Do seguro de subscrición obrigatoria

CAPÍTULO I

Do ámbito e límites do seguro de subscrición obrigatoriaArtigo 7. *Ámbito territorial.*

O seguro de subscrición obrigatoria garante a responsabilidade civil derivada da circulación de vehículos de motor con estacionamento habitual en España, mediante o pago dunha soa prima, en todo o territorio do espazo económico europeo e dos estados adheridos ó Convenio multilateral de garantía.

Artigo 8. *Vehículo de motor con estacionamento habitual en España.*

Para os efectos deste seguro, enténdese que o vehículo de motor ten o seu estacionamento habitual en España:

- a) Cando teña matrícula española.
- b) Cando, tratándose dun tipo de vehículo para o que non exista matrícula, leve placa de seguro ou signo distintivo análogo á matrícula que fose expedido en España.
- c) Cando, tratándose dun tipo de vehículo para o que non exista matrícula, careza de placa de seguro ou signo distintivo, o seu usuario teña o seu domicilio en España.

Artigo 9. *Ámbito material.*

1. O seguro de subscrición obrigatoria comprende a cobertura dos danos ás persoas e nos bens causados ós prexudicados por feitos da circulación, sen prexuízo das exclusións recollidas no artigo seguinte.

2. Nas indemnizacións por danos ás persoas, o asegurador, dentro dos límites do aseguramento de subscrición obrigatoria, deberá repara-lo dano causado ás persoas, excepto cando probe que este foi debido unicamente á conducta ou á negligencia do prexudicado ou a forza maior estraña á conducción ou ó funcionamento do vehículo. Non se considerarán como forza maior os defectos do vehículo nin a rotura ou fallo dalgunha das súas pezas ou mecanismos.

3. Na indemnización por danos nos bens, o asegurador, dentro dos límites do aseguramento de subscrición obrigatoria, deberá repara-lo dano causado cando

o conductor do vehículo resulte civilmente responsable, segundo o establecido no artigo 1.902 do Código civil, artigos 109 e seguintes do Código penal e o disposto na Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor e neste regulamento.

4. Non obstante, quedarán excluídos destas coberturas os danos cando fosen causados pola conducción baixo a influencia de bebidas alcohólicas ou de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas. Esta excepción non será opoñible ó prexudicado sen prexuízo do dereito de repetición do asegurador.

Artigo 10. *Exclusións.*

Están excluídos da cobertura do seguro de subscrición obrigatoria os seguintes danos:

- a) Tódolos danos e perdas ocasionados polas lesións ou falecemento do conductor do vehículo causante do sinistro.
- b) Os danos sufridos polo vehículo asegurado, polas cousas nel transportadas, e polos bens dos que sexan titulares o tomador, asegurado, propietario, conductor, así como os do cónxuxe ou os parentes ata o terceiro grao de consanguinidade ou afinidade dos anteriores.
- c) Os danos ás persoas e nos bens causados por un vehículo roubado, entendéndose como tal, exclusivamente, as conductas tipificadas como roubo e roubo de uso nos artigos 237 e 244 do Código penal, respectivamente. Nestes supostos será de aplicación o previsto no artigo 30.1.c) deste regulamento.

Artigo 11. *Inopoñibilidade polo asegurador.*

1. O asegurador do seguro de subscrición obrigatoria regulado neste regulamento non poderá opoñer fronte ó prexudicado ningunha outra das exclusións, pactadas ou non, da cobertura, distintas das recollidas no artigo anterior.

En particular, non poderá facelo respecto daquelas cláusulas contractuais que exclúan da cobertura a utilización ou conducción do vehículo designado na póliza por quen careza de permiso de conducir, incumpra as obrigas legais de orde técnica relativas ó estado de seguridade do vehículo ou, fóra dos supostos de roubo e roubo de uso, use ilexítimamente vehículos de motor alleos ou non estea autorizado expresa ou tacitamente polo seu propietario.

2. Tampouco poderá opoñer fronte ó prexudicado, nin fronte ó tomador, conductor ou propietario, a non utilización da declaración amigable de accidente.

Artigo 12. *Límites cuantitativos.*

1. O importe máximo da cobertura do aseguramento de subscrición obrigatoria ascenderá ós seguintes importes:

- a) Por danos corporais: 350.000 euros ou 58.235.100 pesetas, por vítima.
- b) Por danos nos bens: 100.000 euros ou 16.638.600 pesetas, por sinistro, calquera que sexa o número de vehículos ou bens afectados.
- c) Por gastos de asistencia médica, farmacéutica e hospitalaria: na contía necesaria ata a curación ou consolidación de secuelas, sempre que o gasto estea debidamente xustificando atendendo á natureza da asistencia prestada.
- d) Por gastos de enterro e funeral en caso de morte: segundo os usos e costumes do lugar onde se preste o servizo, na contía que se xustifique.

2. En todo caso, os gastos a que se refiren as alíneas c) e d) anteriores serán compatibles entre si e coas restantes indemnizacións previstas neste artigo.

3. Cando o sinistro sexa ocasionado nun Estado adherido ó Convenio multilateral de garantía distinto de España, por un vehículo que teña o seu estacionamento habitual en España, aplicaranse os límites de cobertura obrigatoria fixados polo Estado membro no que teña lugar o sinistro. Non obstante, se o sinistro se produce nun Estado membro do espazo económico europeo, aplicaranse os límites de cobertura previstos neste artigo, sempre que estes sexan superiores ós establecidos no Estado onde se producise o sinistro.

Artigo 13. Oficina Española de Aseguradores de Automóviles (OFESAUTO).

1. A Oficina Española de Aseguradores de Automóviles (OFESAUTO), que agrupa tódalas entidades aseguradoras autorizadas para operar no ramo de responsabilidade civil de vehículos terrestres automóviles e mailo Consorcio de Compensación de Seguros, terá a consideración de oficina nacional de seguro a que se refire a Directiva 72/166/CEE, do Consello, do 24 de abril, relativa á aproximación das lexislacións dos estados membros, sobre o seguro da responsabilidade civil que resulta da circulación de vehículos automóviles, así como do control da obriga de asegurar esta responsabilidade.

2. A tramitación dos sinistros e o cumprimento das obrigas derivadas dos seguros de responsabilidade civil de subscrición obrigatoria, por razón de accidentes causados noutros países por vehículos con estacionamento habitual en España ou asegurados en España mediante o certificado internacional de seguro denominado carta verde ou seguro en fronteira, será garantido pola Oficina Española de Aseguradores de Automóviles (OFESAUTO), que actúa en nome de tódalas entidades a que se refire o artigo 17 deste regulamento. Igualmente, asumirá esta garantía, por conta da oficina nacional do Estado de que se trate, por razón dos accidentes ocorridos en territorio español nos que interveña un vehículo estranxeiro, habitualmente estacionado nun Estado asinante do Convenio multilateral de garantía ou que, pertencendo a un Estado non asinante do convenio mencionado, estivese asegurado mediante carta verde emitida por outra oficina nacional ou por un seguro en fronteira.

3. Non obstante o disposto no parágrafo anterior, OFESAUTO poderá delega-la representación das diferentes entidades aseguradoras estranxeiras, a solicitude da oficina nacional respectiva, en favor dalgunha das entidades aseguradoras ou de entidades especializadas na xestión de sinistros. Así mesmo, a solicitude das entidades aseguradoras que operan en España poderá tramitar idéntica petición ás oficinas nacionais doutros estados.

As citadas entidades aseguradoras ou entidades correspondentes españolas, autorizadas para representar entidades aseguradoras estranxeiras, responderán nos mesmos termos que OFESAUTO. Para tal efecto, OFESAUTO levará os rexistros necesarios de correspondentes autorizados, co obxecto de facilita-la información necesaria a quen teña un interese lexítimo.

En caso de incumprimento do correspondente, conflito de intereses ou cesamento voluntario na representación autorizada, OFESAUTO asumirá o cumprimento das obrigas previstas no punto 2 deste artigo.

4. O ministro de Economía dictará as normas relativas ó funcionamento da Oficina Española de Aseguradores de Automóviles (OFESAUTO), como oficina nacional de seguro.

CAPÍTULO II

Da pluralidade de danos e causantes

Artigo 14. Concorrenza de danos e causantes.

1. Se dun mesmo sinistro, amparado por un único seguro de responsabilidade civil derivada da circulación de vehículos de motor de subscrición obrigatoria, resultan varios prexudicados por danos materiais, e a suma das indemnizacións excede do límite obrigatorio establecido para o efecto, o dereito de cada prexudicado fronte ó asegurador reducirase proporcionalmente ós danos sufridos.

2. Se como consecuencia dun mesmo sinistro cuberto por este seguro de subscrición obrigatoria, no que interveñan dous ou máis vehículos, se producen danos a terceiros, cada asegurador dos vehículos causantes contribuirá ó cumprimento das obrigas que do feito deriven, tendo en conta, cando se poida determinar, a entidade das culpas concorrentes e, en caso de non poderen ser determinadas, proporcionalmente á potencia dos respectivos vehículos, ou de conformidade co que se pactase nos posibles acordos entre aseguradoras.

Cando os dous vehículos intervinientes fosen unha cabeza tractora e o remolque ou semirremolque a ela enganchado, ou dous remolques ou semirremolques, e non puidese determinarse a entidade das culpas concorrentes, cada asegurador contribuirá ó cumprimento das ditas obrigas de conformidade co pactado nos posibles acordos entre aseguradoras ou, no seu defecto, en proporción á contía da prima anual de risco que corresponda a cada vehículo designado na póliza de seguro subsrita.

CAPÍTULO III

Do dereito de repetición do asegurador

Artigo 15. Dereito de repetición.

1. O asegurador do seguro de subscrición obrigatoria, unha vez efectuado o pago da indemnización, poderá repetir:

a) Contra o conductor, o propietario do vehículo causante e o asegurado, se os danos materiais e persoais causados fosen debidos á conducción baixo a influencia de bebidas alcohólicas ou de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas.

b) Contra o conductor, o propietario do vehículo causante e o asegurado, se os danos materiais e persoais causados fosen debidos á conducta dolosa de calquera deles.

c) Contra o terceiro responsable dos danos.

d) Contra o tomador do seguro ou asegurado por causas previstas na Lei de contrato de seguro e no propio contrato, sen que poida considerarse como tal a non utilización polo conductor ou asegurado da declaración amigable de accidente.

e) En calquera outro suposto en que tamén puidese proceder tal repetición de acordo coas leis.

2. A acción de repetición do asegurador prescribe polo transcurso do prazo dun ano, contado a partir da data en que efectuou o pago ó prexudicado.

CAPÍTULO IV

Do contrato de seguro de subscrición obrigatoria**Artigo 16. Tomador do seguro de subscrición obrigatoria.**

1. O seguro de subscrición obrigatoria deberá ser concertado polo propietario do vehículo, presumindo que ten esta consideración a persoa natural ou xurídica a nome da cal figure aquel no rexistro público que corresponda. Non obstante, o propietario quedará relevado de tal obriga cando o seguro sexa concertado por calquera persoa que teña interese no aseguramento, que deberá expresa-lo concepto en que contrata.

2. Para os riscos derivados das probas deportivas nas que interveñan vehículos de motor, celebrados en circuitos especialmente destinados para o efecto ou habilitados para as ditas probas, deberá subscribirse un seguro especial destinado a cubri-la responsabilidade civil dos conductores intervinientes, como mínimo polos importes das coberturas obrigatorias establecidas neste regulamento.

3. Os vehículos con estacionamento habitual en estados non pertencentes ó espazo económico europeo que non estivesen adheridos ó Convenio multilateral de garantía, para poderen circular por territorio español, deberán estar asegurados polo sistema de certificado internacional de seguro ou polo seguro en fronteira, que deberán conter, polo menos, as condicións e límites a que fai referencia o artigo 18 deste regulamento.

Artigo 17. Entidades aseguradoras.

1. Os contratos de seguro regulados neste regulamento deberán estar subscritos con entidades aseguradoras que obtivesen a autorización correspondente do Ministerio de Economía, ou que estando domiciliadas nun país pertencente ó espazo económico europeo exerzan a súa actividade en España en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos.

2. A responsabilidade civil de subscrición obrigatoria derivada da circulación de vehículos de motor dos que fosen titulares o Estado, as comunidades autónomas, as corporacións locais e os organismos públicos dependentes de calquera deles, será cuberta polo Consorcio de Compensación de Seguros cando estes soliciten concertar tal seguro coa mencionada entidade.

3. O Consorcio de Compensación de Seguros aceptará a contratación do risco cando non fosen aceptadas ou fosen rexeitadas dúas solicitudes de seguro de subscrición obrigatoria por dúas entidades aseguradoras, salvo que o risco fose aceptado por outra ou outras aseguradoras por petición do Consorcio de Compensación de Seguros.

A entidade aseguradora que rexeite ou non acepte a contratación do seguro de subscrición obrigatoria deberá expedir certificación acreditativa de tal extremo, a petición por escrito do interesado.

Artigo 18. Seguro en fronteira.

O documento acreditativo do seguro en fronteira deberá conter, como mínimo, as seguintes indicacións:

a) A indicación de que a garantía se concede dentro dos límites e condicións previstos como obrigatorios na Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor e neste regulamento.

b) A indicación de que, se o sinistro se produce en España, se aplicarán os límites previstos na lexislación española e en concreto neste regulamento.

c) As indicacións establecidas no punto 2 do artigo 22 do presente regulamento.

Artigo 19. Contido da solicitude e a proposición do seguro de subscrición obrigatoria.

A solicitude do seguro de subscrición obrigatoria dirixida polo tomador do seguro á entidade aseguradora, ou a proposición do seguro de subscrición obrigatoria feita polo asegurador ó tomador, deberá conter, como mínimo, as seguintes indicacións:

a) As de identificación do propietario do vehículo, do conductor habitual e do tomador do seguro, debendo consta-lo seu domicilio para efectos de notificacións. Se o tomador non fose o propietario do vehículo, deberá indicarse o concepto en que contrata.

b) As de identificación do vehículo, marca, modelo, características del e matrícula ou signo distintivo análogo.

c) As garantías solicitadas ou ofrecidas, que en ningún caso poderán ser inferiores ás do seguro de subscrición obrigatoria regulado neste regulamento.

d) A identificación clara e destacada de que se trata dunha proposición ou dunha solicitude de seguro.

e) O período de cobertura mínimo a que se refire o artigo seguinte, con indicación do día e hora do seu cómputo inicial.

Artigo 20. A solicitude e a proposición do seguro de subscrición obrigatoria.

1. A solicitude do seguro de subscrición obrigatoria, a partir do momento en que estea dilixenciada pola entidade aseguradora, ou axente desta, produce os efectos da cobertura do risco durante o prazo de quince días.

Entenderase que está dilixenciada cando a entidade aseguradora ou o seu axente lle entreguen ó solicitante copia da solicitude selada.

O asegurador, no prazo máximo de dez días desde o dilixenciamento da solicitude de seguro, poderá rexeitar esta, mediante escrito dirixido ó tomador por calquera medio que asegure a constancia da súa recepción, especificando as causas, e terá dereito á percepción da prima que lle corresponda pola cobertura dos quince días previstos no parágrafo anterior. Se transcorrido o prazo de dez días o asegurador non rexeitase a contratación, entenderase que esta foi admitida.

Dilixenciada a solicitude e transcorrido o prazo de dez días, o asegurador deberá remiti-la póliza de seguro nun prazo de dez días.

2. A proposición do seguro de subscrición obrigatoria feita pola entidade aseguradora ou o seu axente vinculará a aseguradora polo prazo de quince días.

Unha vez aceptada a proposición polo tomador, entenderase perfeccionado o contrato, quedando sempre a salvo, en caso de non pagamento da primeira prima por culpa do tomador, o dereito do asegurador a resolver-lo contrato, mediante escrito dirixido ó tomador por correo certificado con xustificante de recepción ou por calquera outro medio admitido en dereito, ou esixi-lo pago da prima nos termos do artigo 15 da Lei de contrato de seguro. Aceptada a proposición polo tomador, o asegurador deberá entrega-la póliza de seguro no prazo de dez días.

CAPÍTULO V

Da xustificación do seguro de subscrición obrigatoria

Artigo 21. *Documentación do contrato de seguro de subscrición obrigatoria.*

O asegurador deberalle entregar preceptivamente ó tomador a póliza de seguro, documento no cal, necesariamente, constará unha referencia clara e precisa ás normas aplicables a este tipo de seguro e os demais extremos que se determinen na regulación do contrato de seguro e de ordenación e supervisión dos seguros privados.

Así mesmo, e unha vez cobrada a prima, o asegurador deberá entregarlle ó tomador un xustificante do pago.

Artigo 22. *Documentación acreditativa da vixencia do seguro.*

1. Todo vehículo de motor deberá ir provisto da documentación acreditativa da vixencia do seguro de responsabilidade civil de subscrición obrigatoria.

O incumprimento desta obriga será sancionado con 60,10 euros ou 10.000 pesetas de multa.

Non obstante, tratándose de vehículos dedicados ó aluguer sen conductor, o seu titular quedará exento de responsabilidade administrativa sempre que no prazo dos cinco días seguintes á notificación efectuada a este xustifique que tiña contratado o seguro de responsabilidade civil de subscrición obrigatoria correspondente.

2. Para os efectos do punto anterior, considérase documentación acreditativa da vixencia do seguro o xustificante de pago da prima do período de seguro en curso, sempre que conteña, polo menos, a identificación da entidade aseguradora, a matrícula, placa de seguro ou signo distintivo do vehículo, o período de cobertura e a indicación da cobertura do seguro de subscrición obrigatoria.

Non obstante, tratándose de vehículos dedicados ó aluguer sen conductor, considerarase documentación acreditativa da vixencia do seguro a copia cotexada do xustificante de pago da prima, na forma que determine a Dirección Xeral de Tráfico.

CAPÍTULO VI

Da identificación da entidade aseguradora e do control da obriga de asegurarse

Artigo 23. *Ficheiro informativo de vehículos asegurados.*

1. As entidades aseguradoras que cubran a responsabilidade civil de subscrición obrigatoria, derivada da circulación de vehículos de motor con estacionamento habitual en España, deberán comunicarlle ó Ministerio de Economía, mediante a súa remisión ó Consorcio de Compensación de Seguros, os datos relativos ós vehículos asegurados por elas, co contido, a forma e nos prazos que se establecen neste regulamento e nas resolucións a que este se refire.

O incumprimento do disposto no parágrafo anterior constituirá infracción administrativa de acordo coa Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados.

2. Os datos a que se refire o parágrafo primeiro do punto anterior poderán ser obxecto de tratamento automatizado. Para estes efectos, e de conformidade co previsto no artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, créase o ficheiro automatizado de datos de

carácter persoal denominado «ficheiro informativo de vehículos asegurados», de carácter público, co contido que se describe nos artigos seguintes e no anexo deste regulamento.

3. A información contida no ficheiro gozará de presunción de veracidade para efectos informativos, agás proba en contrario.

Artigo 24. *Primeira remisión de datos e a súa actualización.*

1. Na primeira remisión dos datos, as entidades aseguradoras subministrarán, por cada vehículo, os seguintes: matrícula, código identificativo da marca e modelo do vehículo, data de inicio da vixencia e data de finalización do período de seguro en curso, así como o tipo de contrato, todo iso de acordo coas especificacións contidas na resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións que para tal efecto se dicte.

2. As entidades aseguradoras realizarán a actualización dos datos, remitindo diariamente información de altas e baixas de vehículos asegurados, que se identificarán coa súa matrícula e código identificativo da súa marca e modelo, facendo constar, no caso das altas, as datas de inicio da vixencia e finalización do período de seguro en curso e tipo de contrato e, no caso das baixas, a data de cesamento da vixencia do seguro.

Para estes efectos, enténdese por cesamento da vixencia do seguro a extinción do contrato de acordo coa Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro, incluídas a rescisión e a resolución.

3. Deberán incluírse, en todo caso, os datos relativos a aqueles vehículos respecto dos cales se dilixenciase a solicitude de seguro ou se emitise proposición de seguro aceptada polo tomador, reflectíndose as datas de efecto e finalización dun ou outro documento.

4. Nos supostos de contratos prorrogables, ou non pagamento das primas fraccionadas, non poderá ser comunicada a baixa do vehículo, respectivamente, mentres non se exercese o dereito a opoñerse á súa prórroga ou non fose extinguido ou resolto o contrato, nos supostos e coas formalidades previstas na Lei de contrato de seguro.

5. No caso de transmisión do vehículo asegurado, só poderá ser comunicada a baixa do vehículo logo de extinción do contrato de seguro, de conformidade co establecido na Lei de contrato de seguro.

6. No suposto de vehículos especiais, remitiráselle ó Consorcio de Compensación de Seguros os datos que estableza a resolución que dicte a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

Artigo 25. *Procedemento de remisión da información.*

A remisión da información ó Consorcio de Compensación de Seguros realizarase mediante o procedemento que se contera na resolución que a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións dicte para o efecto.

Artigo 26. *Remisión de información á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.*

1. O Consorcio de Compensación de Seguros remitiralle, mensualmente, á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións unha relación das entidades aseguradoras que, estando autorizadas para operar no ramo correspondente, non remiten a información á que se refiren os artigos anteriores.

Así mesmo, o Consorcio de Compensación de Seguros comunicarlle á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións as incidencias significativas que puidesen producirse no cumprimento desta obriga.

2. Sen prexuízo do sinalado no segundo parágrafo do punto 1 do artigo 23, e á vista das comunicacións do Consorcio de Compensación de Seguros, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá formular requirimentos ás entidades aseguradoras ou esixir a realización de auditorías informáticas, ou a aplicación doutras medidas correctoras para garantir a veracidade da información contida no ficheiro.

Artigo 27. *Finalidade e consulta do ficheiro.*

1. A finalidade do ficheiro consiste en subministra-la información necesaria para que as persoas implicadas nun accidente de circulación poidan indagar coa maior brevidade posible as circunstancias relativas á entidade aseguradora que cobre a responsabilidade civil de cada un dos vehículos implicados no accidente e en facilitar-lo control da obriga de asegurarse.

Para estes efectos, teñen a consideración de implicados os prexudicados polos accidentes de circulación, por danos na súa persoa ou nos seus bens, podendo actuar en por si ou por medio de representante debidamente acreditado.

2. A consulta da información exercerase mediante petición dirixida polos implicados nun accidente de circulación ó Consorcio de Compensación de Seguros, utilizándose o modelo que se conteña na resolución que dicte a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, ó que se achegará copia do documento nacional de identidade, pasaporte, código de identificación fiscal ou documento acreditativo da identidade do solicitante e, se é o caso, copia do parte de danos ou da declaración amigable de accidente.

Igualmente, o solicitante poderá utilizar calquera medio que permita acredita-lo envío e a recepción da solicitude de consulta, achegando o número do documento nacional de identidade, pasaporte, código de identificación fiscal ou outro documento acreditativo, así como a matrícula ou signo distintivo tanto do vehículo presuntamente causante dos danos como do vehículo correspondente ó prexudicado, e os números de sinistro e póliza de seguro que consten no rexistro de sinistros da entidade aseguradora, podendo ser contestada a consulta por calquera medio que permita acredita-lo envío e a recepción da contestación, de acordo co que dispoña a resolución que para o efecto dicte a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

Artigo 28. *Control da obriga de asegurarse.*

1. O control da obriga de asegurarse realizarase mediante a colaboración entre o Ministerio de Economía, a través do Consorcio de Compensación de Seguros, e o Ministerio do Interior, que poderán cederse, entre si, os datos que figuren nos seus ficheiros automatizados que expresamente prevexan esta cesión.

O procedemento de cesión de datos regularase mediante resolución conxunta da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e a Dirección Xeral de Tráfico.

O órgano responsable do ficheiro adoptará as medidas técnicas e organizativas que sexan necesarias para asegura-la confidencialidade, seguridade e integridade dos datos e facer efectivas as garantías, obrigas e dereitos recoñecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

2. No suposto de vehículos estranxeiros de países non membros do espazo económico europeo que non estean adheridos ó Convenio multilateral de garantía, as autoridades alfandegueiras españolas deberán dene-

ga-lo acceso ó territorio nacional se estes non acreditan a subscrición dun seguro de responsabilidade civil que reúna, polo menos, as condicións e garantías establecidas na regulación española para este seguro de subscrición obrigatoria.

CAPÍTULO VII

Do incumprimento da obriga de asegurarse

Artigo 29. *Consecuencias do incumprimento.*

1. Ademais da sanción que corresponda no ámbito penal a quen condúcese un vehículo e coñeza que carece de seguro, o incumprimento da obriga de asegurarse nos termos previstos neste regulamento determinará:

a) A prohibición de circular co vehículo non asegurado polo territorio nacional.

b) A retirada e depósito do vehículo, con cargo ó seu propietario, en dependencias da autoridade competente, se non se xustificase ante ela, no prazo de cinco días desde aquel en que se produciu a denuncia, a existencia de seguro.

c) A imposición de sanción pecuniaria de 601,01 a 3.005,06 euros ou de 100.000 a 500.000 pesetas de multa, graduada segundo que o vehículo circulase ou non, a súa categoría, o servizo que preste, a gravidade do prexuízo causado, se é o caso, a duración da falta de aseguramento e a reiteración da mesma infracción. O Ministerio do Interior e as autoridades competentes das comunidades autónomas ás que se transferise a execución de competencias sancionadoras entregaránlle ó Consorcio de Compensación de Seguros o 50 por 100 do importe das sancións recadadas, para compensar en parte as indemnizacións que o Consorcio debe satisfacerlle ós prexudicados en cumprimento das obrigas que lle atribúe a lei e o presente regulamento.

2. Os procedementos que se tramiten por infracción das obrigas impostas ós usuarios de vehículos de motor na regulación do seguro de responsabilidade civil de subscrición obrigatoria serán instruídos polos xefes provinciais de Tráfico ou polas autoridades competentes das comunidades autónomas ás que se transferise a execución de funcións nesta materia, competentes por razón do lugar en que se cometese o feito, quedando facultada a dita autoridade para adopta-las medidas relativas á retirada e depósito cautelar dos vehículos que circulen sen seguro.

En canto ó procedemento, haberá que averse ó que se dispoña para as infraccións na Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial.

3. A sanción que proceda será imposta polos delegados do Goberno ou polas autoridades competentes das comunidades autónomas ás que se transferisen funcións nesta materia, competentes por razón do lugar en que se denuncie a infracción e poderá ser obxecto de recurso ante o ministro do Interior ou ante as autoridades xerarquicamente competentes das comunidades autónomas. Para estes efectos, as competencias de exercicio da potestade sancionadora atribuídas ós delegados do Goberno poderán ser desconcentradas mediante disposición dictada polo ministro do Interior.

TÍTULO III

Do Consorcio de Compensación de Seguros

Artigo 30. *Funcións.*

1. De conformidade co establecido no artigo 8 da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación

de vehículos de motor, correspóndelle ó Consorcio de Compensación de Seguros dentro do ámbito territorial e cos mesmos límites cuantitativos do aseguramento de subscrición obrigatoria:

a) Indemnizar a quen sufrise danos na súa persoa, por sinistros ocorridos en España, naqueles casos en que o vehículo causante sexa descoñecido.

b) Indemniza-los danos ás persoas e nos bens ocasionados cun vehículo que teña o seu estacionamento habitual en España cando o dito vehículo non estea asegurado.

c) Indemniza-los danos ás persoas e nos bens producidos por un vehículo con estacionamento habitual en España que, estando asegurado, fose roubado, enténdéndose como tal, exclusivamente, as conductas tipificadas como roubo e roubo de uso nos artigos 237 e 244 do Código penal, respectivamente.

d) Indemniza-los danos ás persoas e nos bens cando en supostos incluídos dentro do ámbito do aseguramento de subscrición obrigatoria ou nos parágrafos precedentes deste artigo, xurda controversia entre o Consorcio de Compensación de Seguros e a entidade aseguradora respecto de quen debe indemniza-lo prexudicado.

Non obstante o anterior, se ulteriormente se resolve ou acorda que lle corresponde indemnizar á entidade aseguradora, esta reembolsaralle ó Consorcio de Compensación de Seguros a cantidade indemnizada máis os xuros legais, incrementados estes últimos nun 25 por 100, desde a data en que aboou a indemnización.

Entenderase que existe controversia cando a entidade aseguradora presente perante o Consorcio requirimento motivado en relación ó sinistro, ou o prexudicado presente reclamación ante o Consorcio á que achegue xustificación de que a entidade aseguradora rexeita facerse cargo do sinistro, e o Consorcio estimase que non lle corresponde o pago.

e) Indemniza-los danos ás persoas e nos bens cando a entidade española aseguradora do vehículo con estacionamento habitual en España fose declarada en creba, suspensión de pagos ou, sendo disolta e encontrándose en situación de insolvencia, estivese suxeita a un procedemento de liquidación intervida ou esta fose asumida pola Comisión Liquidadora de Entidades Aseguradoras.

2. Nos supostos previstos nas alíneas b) e c), quedarán excluídos da indemnización polo Consorcio de Compensación de Seguros os danos ás persoas e nos bens sufridos polos que ocuparen voluntariamente o vehículo causante do sinistro, coñecendo que este non estaba asegurado ou que fora roubado, sempre que o Consorcio probe que aqueles coñecían tales circunstancias.

3. De conformidade co establecido no Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo artigo 4 da Lei 21/1990, do 19 de decembro, para adapta-lo dereito español á Directiva 88/357/CEE, sobre a liberdade de servizos en seguros distintos ó de vida, e de actualización da lexislación de seguros privados, coas modificacións introducidas pola disposición adicional novena da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, este desempeñará, ademais, as seguintes funcións:

a) Cubri-la responsabilidade civil derivada da circulación dos vehículos de motor dos que fose titular o Estado, as comunidades autónomas, as corporacións locais e os organismos públicos dependentes de calquera deles, cando estes soliciten concertar este seguro co Consorcio de Compensación de Seguros.

b) Asumir, dentro dos límites do aseguramento de subscrición obrigatoria, os riscos non aceptados polas entidades aseguradoras.

c) A defensa e fomento do aseguramento de subscrición obrigatoria dos vehículos de motor.

4. O Consorcio de Compensación de Seguros, dentro do ámbito das obrigas que lle impón a lei e o presente regulamento, non poderá condicionar-lo pagamento da indemnización á proba por parte do prexudicado de que a persoa responsable non pode pagar ou se nega a facelo.

5. Nos supostos das alíneas a) e b) do punto 1 deste artigo, o prexudicado poderá, en todo caso, dirixirse directamente ó Consorcio de Compensación de Seguros, e este estará obrigado a contestar de forma motivada sobre a súa posible intervención, con base nas informacións proporcionadas por petición súa polo prexudicado.

6. O prexudicado terá acción directa contra o Consorcio de Compensación de Seguros nos casos sinalados neste artigo.

Artigo 31. *Ingresos económicos.*

O Consorcio de Compensación de Seguros contará cos seguintes ingresos económicos, por razón do seguro de responsabilidade civil derivada da circulación de vehículos de motor de subscrición obrigatoria:

a) As primas que obteña por asumir-los riscos non aceptados polas entidades aseguradoras.

b) As primas que obteña por cubri-la responsabilidade civil nos supostos previstos no punto 3.a) do artigo 30 deste regulamento.

c) A recarga sobre as primas establecida para este seguro.

d) A participación do 50 por 100 nas sancións impostas, en aplicación do disposto no artigo 3 da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor e no artigo 29 deste regulamento.

e) Calquera outro ingreso que lle corresponda de acordo coa lexislación vixente.

Artigo 32. *Dereito de repetición.*

1. O Consorcio de Compensación de Seguros, cando actúe como asegurador directo, poderá repetir nos mesmos casos e condicións sinalados no artigo 15 deste regulamento.

2. Tamén poderá repetir contra o propietario e o responsable do accidente cando se trate de vehículo non asegurado, ou contra os autores, cómplices ou encubridores do roubo do vehículo causante do sinistro, así como contra o responsable do accidente que coñeceu o roubo del e en calquera outro suposto en que tamén proceda a repetición de acordo coas leis. Nestes casos será de aplicación o prazo de prescrición establecido no artigo 7 da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor. Para estes efectos enténdese por roubo as conductas tipificadas como roubo e roubo de uso nos artigos 237 e 244 do Código penal, respectivamente.

3. No exercicio da facultade de repetición polo Consorcio será título executivo, para os efectos do artigo 517 da Lei de axuízamento civil, a certificación expedida polo presidente do Consorcio de Compensación de Seguros acreditativa do importe da indemnización aboada polo Consorcio sempre que, tendo sido requirido de pagamento o responsable, non o realizase no prazo dun mes desde o dito requirimento.

Disposición adicional primeira. *Publicación dos convenios de centros sanitarios e entidades aseguradoras.*

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións publicará no «Boletín Oficial del Estado» a relación de centros sanitarios recoñecidos polo Consorcio de Compensación de Seguros e de entidades aseguradoras que, se é o caso, subscriban convenios cos ditos centros sanitarios para a asistencia a lesionados de tráfico.

Disposición adicional segunda. *Certificación de antecedentes sinistrais.*

As entidades aseguradoras deberán expedir a favor do propietario do vehículo e do tomador do seguro do vehículo asegurado, en caso de ser persoa distinta daquel, logo de petición de calquera deles, e no prazo de quince días hábiles, certificación acreditativa dos antecedentes sinistrais en canto factor da valoración do risco asumido polas entidades aseguradoras derivado da circulación de vehículos de motor, correspondentes ós dous últimos períodos de seguro, se os houber.

Disposición adicional terceira. *Exención das indemnizacións por danos persoais.*

Para os efectos do disposto no artigo 7.d) da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, as indemnizacións pagadas de acordo co disposto no punto 2 do artigo 1 da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, e concordantes deste regulamento, terán a consideración de indemnizacións na contía legalmente recoñecida, para os efectos de súa cualificación como rendas exentas, en tanto sexan aboadas por unha entidade aseguradora como consecuencia da responsabilidade civil do seu asegurado.

ANEXO

Ficheiro informativo de vehículos asegurados (FIVA)

1. Finalidade e usos previstos do ficheiro:
 - a) Subministración de información ós implicados nun accidente de circulación.
 - b) Control da obriga do aseguramento.
2. Persoas ou colectivos de orixe dos datos: tomadores de contratos de seguro.
3. Procedencia e procedemento de recollida: recollida mediante unha primeira remisión de datos polas entidades aseguradoras, e posterior actualización diaria deles.
4. Estructura básica do ficheiro: entidade aseguradora, data de envío dos datos, matrícula, código identificativo da marca e modelo do vehículo, data de inicio de vixencia do contrato, data de finalización do período de cobertura, data de cesamento de vixencia e tipo de contrato.
5. Cesión dos datos:
 - a) A implicados en accidentes de circulación.
 - b) Ó Ministerio do Interior.
 - c) Ó Ministerio Fiscal, ós xuíces e tribunais.
6. Órgano responsable: Consorcio de Compensación de Seguros.
7. Servicio ou unidade ante o cal o afectado pode exercer os seus dereitos: Consorcio de Compensación de Seguros. Rúa Serrano, número 69. 28006 Madrid.

XEFATURA DO ESTADO

1523 *REAL DECRETO LEI 1/2001, do 19 de xaneiro, polo que se aproba a concesión dun aval a favor da República de Arxentina e se amplía o límite de aprobación de operacións polo Consello de Ministros con cargo ó Fondo de Axuda ó Desenvolvemento.* («BOE» 18, do 20-1-2001.)

A economía arxentina afrontou nos últimos meses restriccións financeiras nos mercados de capitais. Estes mercados elevaron substancialmente o custo ó que Arxentina pode obter novo financiamento, e mesmo puxeron en dúbida a capacidade deste país de mante-lo acceso a eles.

As razóns para a actual desconfianza dos mercados baséanse na baixa taxa de crecemento rexistrada o pasado ano pola economía arxentina. Os efectos inmediatos materializáronse nun encarecemento dos tipos de xuro que Arxentina debe afrontar nos mercados internacionais de débeda soberana, dificultando así a aceleración da taxa de crecemento da súa economía e cuestionando a súa capacidade de lles facer fronte ás obrigas derivadas dos vencementos da súa débeda externa, que Arxentina debe financiar apelando a estes mercados.

Esta deterioración nas condicións normais de financiamento da súa débeda externa obrigou a Arxentina a negociar con institucións internacionais liñas de financiamento, especialmente co Fondo Monetario Internacional. A economía arxentina depende criticamente do financiamento exterior.

Como consecuencia destas negociacións, Arxentina e o Fondo Monetario Internacional acordaron un programa de asistencia financeira co obxectivo de elimina-la actual desconfianza dos mercados, diminuíndo así o diferencial de financiamento da débeda soberana arxentina co fin último de estimula-la súa taxa de crecemento económico.

Este programa prevé a posta á disposición de Arxentina dun elevado volume de recursos financeiros xunto con outros achegados polo Banco Mundial e o Banco Interamericano de Desenvolvemento. Ademais, está condicionada á aprobación de determinadas medidas de política económica.

Neste contexto, España non pode ser allea ó seu compromiso coa estabilidade financeira internacional nin á importancia que supón, dada a percepción actual dos mercados, materializar de forma concreta a súa confianza na economía arxentina. Por iso, este real decreto lei prevé un mecanismo que permite instrumentar apoio financeiro de España a Arxentina, na máis estreita cooperación co Fondo Monetario Internacional e sometido ás mesmas condicións de avance e reforma económica que este require.

Con tal fin, autorízase a concesión dun aval para garanti-lo financiamento que o Banco de España puidese conceder a Arxentina no marco do programa aprobado polo Fondo Monetario Internacional o 10 de marzo de 2000, activado o 21 de decembro do ano 2000 e a ampliación do cal se aprobou o 12 de xaneiro de 2001.

Os requisitos de extraordinaria e urxente necesidade que xustifican a aprobación do presente real decreto lei derivan da inmediata necesidade de recursos contemplada na programación de desembolsos do paquete de asistencia financeira do Fondo Monetario Internacional, no que a contribución de España se integra de forma simultánea, coordinada e proporcional. Estes requisitos xorden, adicionalmente, da propia situación que rexistra actualmente a economía arxentina, a estabilidade da cal